

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 213/2022**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX mediante escrito do 18 de abril de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2023, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de abril de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade con data 21 de abril de 2022, de acceso á contabilidade dos exercicios económicos dos anos 2016, a 2021 do IES Cidade de Antioquía, entre outra documentación.

O escrito viña acompañado de copia da resolución contra a que reclama e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 20 de decembro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 20 de xaneiro de 2023 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición remitindo informe.

Neste informe, en resumo, indícase que existe unha contradición entre a queixa presentada polo reclamante a través do correo electrónico da Valedora do Pobo e a solicitude que xunta á queixa, xa que no primeiro fai mención a unha serie de feitos acontecidos, segundo a súa versión, na ESAD Antonio Failde (no que na actualidade cursa estudos), mentres que na solicitude do 21/04/2022 demanda unha serie de documentación relacionada co IES Cidade de Antioquía, XXX.

Indica que o reclamante dende o 1 de xullo de 2021, ata o 31 de decembro de 2022, presentou a esta Consellería 126 escritos, máis de 100 correos electrónicos e/ou escritos dirixidos á Xefatura Territorial da Consellería en Ourense e outros tantos á Secretaría Xeral Técnica, todos eles facendo peticións diversas en función da normativa de transparencia.

O informe transcribe parte do Criterio Interpretativo 3 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno que delimita o alcance do concepto de solicitude de información que teña carácter abusivo, e parte dunha Sentenza ditada pola Audiencia Nacional de 10 de decembro de 2019, sobre solicitude de información abusiva pola súa extensión, período de tempo, identificación e medios para instrumentar a petición. Indica que o reclamante realiza unha gran cantidade de peticións diversas, relacionadas ou non coa normativa de transparencia, que poden ser considerados como peticións abusivas de información, dado que malia ser respondidas moitas delas, as contestacións realizadas por esta Consellería derivaban noutra inxente cantidade de escritos presentados polo reclamante demandando á súa vez información ao non estar de acordo coa facilitada, todo isto sen esquecer que toda a demanda de información do reclamante derivaba nunha paralización do resto da xestión dos suxeitos obrigados a subministrar a información, impedindo a atención xusta e equitativa do seu traballo e o servizo público que teñen encomendado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Se ben é certo que como indica a Consellería no seu informe, existe unha contradición entre o escrito de reclamación, que contén unha serie de feitos ou consideracións sobre sucesos acontecidos en centros educativos, e a solicitude que acompaña, na que solicita acceso a determinada documentación (contabilidade dun centro educativo, facturas, albaráns, unha acta do servizo de inspección, entre outra documentación), o certo é que sobre a solicitude de acceso á información non se ditou pola Consellería, resolución expresa.

Por tanto, e con independencia do número de solicitudes presentadas polo reclamante, e sen que esta Comisión entre a valorar o carácter abusivo ou non da solicitude, debe ditarse resolución expresa, aínda que con carácter previo debe examinarse a mesma e, de forma motivada, debe realizarse a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse

afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), e motivar adecuadamente de ser o seu caso, as causas de inadmisión que, de conformidade co disposto no artigo 18 da dita Lei, poidan concorrer.

A resolución que se dite, debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 12 de decembro de 2022, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade con data 21 de abril de 2022, de acceso á contabilidade dos exercicios económicos dos anos 2016, a 2021 do Instituto de Educación Secundaria Cidade de Antioquía, entre outra documentación.

**Segundo:** Instar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, dite resolución expresa sobre a petición de información solicitada a notifique ao interesado, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da resolución ditada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 213/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**